



Galiza, mellor sen touradas!

Isabel Kerdudo

- Este verán inzáronse de prazas de touros as vilas galegas. Cal foi a vosa acción?
- A Asociación pola protección animal ABEIRO, xunto con ADEGA, está integrada na plataforma Galiza, Mellor sen Touradas na que participamos activamente. Este verán tomamos parte en varias accións desde Sarria a Pontevedra, pasando por Negreira ou A Coruña. Nalgúns casos, como no Concello de Negreira, trátase de "novilladas" que teñen lugar en prazas móbiles de empresas privadas que propoñen os seus servizos aos concellos. En moitos casos, as concellarías de festas dan os seu visto e prace sen o pensaren, aínda que, nalgúns casos e grazas á oposición de concelleiros do BNG (Sarria, Pontevedra), non houbo ningún financiamento público. Nese caso, son iniciativas privadas as que xestionan as touradas que se manteñen polo apoio privado de empresas locais.
- Estase a notar unha mudanza significativa na cidadanía en relación coas touradas?
- Nos diferentes actos pola prohibición das touradas, notamos unha preocupación crecente da cidadanía. Porén, seguimos baixo a ditadura dunha minoría formada por algúns gandeiros, empresarios e toureiros que se lucran con esa actividade. Un lobby que chega a ameazas e incluso a agresións físicas contra membros de asociacións animalistas ou representantes políticos.
- Como está a lexislación actual?
- A maioría da sociedade vai por un lado, mentres as leis van por outro ou fican obsoletas. Na actualidade, os touros están excluídos da Lei de protección animal, a pesar da demostración clara de que o touro sofre, segundo varios estudos de etólogos (José Enrique Zaldibar, por exemplo). Ninguén con

algo de sentidiño podería pensar o contrario. Ese animal herbívoro é unha presa na natureza onde escapa cando se sente acurrulado. Fronte ao home xógase unha loita desigual, incluso cando se indulta, xa que non consegue recuperarse das súas feridas e acaba morrendo tras longos sufrimentos. Déronse algúns avances en Cataluña, onde se prohíbe a entrada aos menores de 16 anos. No resto, a pesar dos intentos de aumentar a idade mínima de acceso ás prazas, a Lei estatal autoriza a entrada de menores acompañados de adultos. Esta normativa está recorrida por asociacións de protección animal.

A presenza de crianzas en representacións tan cruentas resúltanos preocupante e xera un problema de educación. Que tipo de sociedade podemos agardar con esa actitude tan pouco responsábel dos adultos que levan os menores á praza de touros? Aí as institucións deben desempeñar un papel activo fundamental para fomentaren outros valores como a solidariedade, a xustiza ou a non violencia.

- Que contestas aos que defenden as touradas en nome da tradición?



Susana Romero (á esquerda) na manifestación antitourina de Negreira.

- Ninguén se pode escudar detrás das tradicións para defender e fomentar prácticas crueis como maltratar e matar animais para o gozo do público. O pretexto da conservación da raza do touro de lida tamén resulta ser unha hipocrísia. As touradas vívense no noso País como unha verdadeira imposición dun feito que nos resulta alleo. Na Comarca de Ourense intentouse impulsar varias celebracións taurinas, como a "Festa do Boi" de Allariz ou as "Chegas de Bois", aínda que estas últimas foron prohibidas tras as denuncias de Amigos da Terra. En Allariz, por que non celebrar unha festa sen a utilización dun boi, substituíndoo, xa que o público acode en busca de festa e diversión?

- Que medidas propondes?
- Que non se dea nin un céntimo de diñeiro público, algo que apoia o 90% da poboación, segundo un inquérito de Gallup. Solicitamos aos concellos que non cedan espazos públicos para as touradas ou "novilladas" e se posicionen claramente en contra de todos os espectáculos onde se maltratan ou utilizan animais. Tamén se debería eliminar da programación televisiva a retransmisión de touradas, especialmente nos canais públicos, e apostar por alternativas educativas.

Poñámonos na pel do touro. Sexamos a súa voz, loitemos por eles!

ANIMAIS EN ADOPCIÓN!

Gatiños e gatiñas entréganse en adopción coa cartilla sanitaria, vacinados, desparasitados e esterilizados.



Refuxio de animais de Bando

Santiago de Compostela

Teléfonos: 981 575957 / 646492835

E-mail: asociacionabeiro@gmail.com

Web: refuxio@refuxio.org